

2909 *ORDE APA/398/2006, do 10 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. («BOE» 43, do 20-2-2006.)*

Coa publicación do Regulamento (CE) n.º 21/2004, do Consello, do 17 de decembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as Directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE, a identificación dos animais das devanditas especies alcanza un grao de desenvolvemento suficiente como para abordar a identificación individual dos devanditos animais, a excepción dos animais que se destinen a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional, e implantar a identificación electrónica como medio oficial de identificación.

O sistema de identificación oficial establecido no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, baséase en que todos os animais nados despois do 9 de xullo de 2005, agás excepcións, levarán unha marca auricular e un bolo ruminal cun código, idéntico en ambos os dispositivos, que identificará individualmente estes animais durante toda a súa vida.

Ademais deste sistema xeral, o artigo 5 do Real decreto 947/2005 establece excepcións para animais destinados a sacrificio antes dos 12 meses de idade dentro do territorio nacional, para os animais destinados a intercambios intracomunitarios ou exportación, así como para os animais pertencentes a determinadas razas ovinas e caprinas que teñan problemas para a retención do bolo ruminal.

As características dos medios de identificación, tanto os pertencentes ao sistema xeral, como os incluídos nas excepcións, veñen definidas no anexo I do Real decreto 947/2005.

Os avances técnicos no que respecta aos medios de identificación, a aprobación de novos estándares no marco da normalización española por un lado, e a necesidade de fixar parámetros relativos non só aos medios de identificación senón aos dispositivos para a súa aplicación e lectura, fan necesaria a revisión do anexo I, e por tanto a súa modificación para, pola súa vez, lograr unha maior uniformidade nos dispositivos que se van utilizar.

Neste sentido, no seo do Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais e do Comité Nacional de Coordinación de Identificación do Gando e Rexistro de Explotación das Especies de Interese Gandeiro, foi tratada a modificación do citado anexo, e a harmonización dos dispositivos, lectores e aplicadores dos medios de identificación destas especies.

En virtude da disposición derradeira segunda do Real decreto 947/2005, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a modificación dos anexos en función da experiencia adquirida e os avances técnicos, mediante a presente orde, modifícase o anexo I do dito real decreto.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.*

Substitúese o anexo I do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina polo que figura no anexo a esta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de febreiro de 2006.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO

«ANEXO I

Características dos medios de identificación e dos dispositivos para a súa aplicación e lectura

A. Características das marcas auriculares dos animais

1. A marca auricular consistirá nun brinco de cor amarela, fabricado de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que lle permita permanecer suxeito ao animal sen se mancar, facilmente visible á distancia e durante toda a vida do animal.

2. Os brincos constarán de dúas pezas impresas, macho e femia, de plástico flexible na súa totalidade, excepto a punta da puga que xorde do macho, que será de latón.

A cabeza da femia será cerrada.

A punta da puga introducirase no oco existente na femia e ensamblaranse de forma que non sobresaia do seu colo.

A aplicación realizarase no animal por medio dunhas tenaces de aplicación semiautomática, de acordo coas características establecidas na letra E deste anexo, de forma que queden as dúas pezas unidas, sendo imposible a súa separación. O tamaño, cor e impresión dos brincos débese axustar ás características que se especifican no punto 3, co fin de manter unha uniformidade e continuidade.

En calquera caso, tanto as pezas macho como as femia disporán dun dispositivo que permita a aireación, unha máxima rotación, que en ningún caso poderá ser excéntrica, e que evite a reutilización de calquera das dúas pezas.

3. Descrición dos elementos:

Pezas femia.—A peza deberá ser de tipo «bandeira» e estar fabricada en material termoplástico de alta flexibilidade, inviolable, e de cabeza cerrada. Non elástico. Permitirá unha máxima rotación e aireación. Será amarela, cor RAL 1016, e estable aos raios ultravioletas. Presentará escudo constitucional por inxección no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría.




Ilustración -1 Detalle de brinco tipo bandeira - peza femia

Medidas da peza:

Altura desde a base: 35-42 mm.
 Altura desde a base do colo: 20-27 mm.
 Longo: 34-40 mm.
 Espesura: $1\pm 0,2$ mm.
 Diámetro externo da cabeza: 14-20 mm.
 Diámetro interno da cabeza: 8-12 mm.

Pezas macho

A peza deberá ser tipo «bandeira» e estar fabricada en material termoplástico de alta flexibilidade, inviolable. Non elástico. Será amarela, cor RAL 1016, e estable aos raios ultravioletas. Presentará escudo constitucional por inxección no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun datador na matrizaría. A puga finalizará nunha punta cónica de latón.



Ilustración -2 Detalle de brinco tipo bandeira - peza macho

Medidas da peza:

Altura desde a base: 35-42 mm.
 Altura desde a base do colo: 20-30 mm.
 Longo: 34-40 mm.
 Espesura: $1\pm 0,2$ mm.
 Largo da base da puga: 4,5-7 mm.
 Largo da punta da puga: 7 ± 1 mm.
 Altura total desde a base da puga: 15-22 mm.
 Diámetro externo da cabeza: 14-20 mm.

A distancia entre a peza femia e a peza macho deberá ser polo menos de 9,5 mm.

4. Características físicas do material:

A marca auricular debe reunir as seguintes características:

Identificación do material: Poliuretano.
 Dureza do material: 85-95 unid. Shore-A
 Densidade: 1,20-1,23 g/ cm³.
 Resistencia á tracción: 415-585 kg/ cm².
 Alongamento á rotura: 430-585%.
 Valor de tensión a 20%: 45-65 kg/ cm².
 Valor de tensión a 100%: 85-100 kg/ cm².
 Valor de tensión a 300%: 160-250 kg/cm².
 Resistencia de rotura: 90-120 Newton.
 Resistencia á abrasión: 30-45 mm³.
 Forza de separación: Mín. 25 kg.
 Peso de ambas as pezas: Máx. 6 g.

As probas ou ensaios para a medición dos valores solicitados deberán estar en consonancia coas seguintes normas:

Dureza Shore-A: UNE-EN ISO 868/2003.
 Densidade gr/cm³: UNE 53.526/2001 Método A

Resistencia á tracción: UNE 53.510/2001

Resistencia ao desgarro: UNE 53.516-2/2002

Resistencia á abrasión: UNE 53.527/91 Método A.

Identificación do polímero: UNE 53.633/91.

5. Para poder verificar o cumprimento das características do material expostas no punto anterior, o fabricante deberá presentar:

Unha declaración de conformidade do seu produto coas normas anteriores e os ensaios descritos.

Un expediente técnico emitido por un laboratorio independente de ensaio acreditado de forma pertinente para este tipo de ensaios segundo norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Non obstante, o fabricante poderá demostrar o cumprimento dos requisitos anteriores mediante certificación por un organismo convenientemente acreditado.

6. O brinco levará impreso, de forma indeleble, o código de identificación do animal, definido no punto 4 do artigo 4.

Este código disporase en tres liñas. A primeira delas reflectirá as letras «ES» e os dous primeiros díxitos do código representativos de Comunidade Autónoma. A segunda liña, os seguintes cinco díxitos do código, e a terceira, os cinco últimos díxitos.

A impresión será por láser, sen adición ni subtracción de pigmentos, cun contraste mínimo do 74% negro e cunha separación mínima entre caracteres de 2 mm. O tamaño de fonte mínimo para a primeira e segunda liña de caracteres, será de 4 mm de altura e de 8 mm de altura para a terceira, recomendándose que sexa o máximo que permita a presentación do código alfanumérico en tres liñas.

7. Adicionalmente, poderán conter un código de barras ou calquera outra información complementaria, sempre que iso non afecte a lexibilidade do código de identificación.

8. No caso de que o brinco visual vaia cun dispositivo electrónico, estes deberán presentar de forma conxunta, e presentados nun «kit» de identificación.

Neste último caso, o código impreso no brinco será o mesmo que contén o dispositivo electrónico, coa diferenza de que o código de país será «ES» no brinco visual, e «724» no dispositivo electrónico (segundo Norma UNE-EN-ISO 3166).

B. Características das marcas auriculares establecidas no punto 1 do artigo 5

1. A marca consistirá nun brinco de material plástico fabricado de material inalterable, a proba de falsificacións, non reutilizable, cunha forma que lle permita permanecer suxeito ao animal sen se mancar, facilmente visible a distancia e durante toda a vida do animal e levará, unicamente, inscricións indelebles.

Os brincos visuais constarán de dúas pezas impresas, macho e femia, termoplástico na súa totalidade, e forma rectangular. A peza femia posuirá unha cabeza cerrada. Na peza macho a punta da puga será do mesmo material que o corpo.

A aplicación realizarase no animal por medio dunhas tenaces de aplicación semiautomática, de acordo coas características establecidas na letra E deste anexo, de forma que queden as dúas pezas unidas, sendo imposible a súa separación. O tamaño, cor e impresión dos brincos débese axustar a dimensións que se especifican no punto 3, co fin de manter unha uniformidade e continuidade.

En calquera caso, tanto as pezas macho como as femias disporán dun dispositivo que permita a aireación, unha máxima rotación, que en ningún caso poderá ser excéntrica, e evite a reutilización de calquera das dúas pezas.

2. Levará o código de identificación da explotación de nacemento, segundo a estrutura establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).

Este código estará composto polas letras «ES» que identifican España, seguidas de doce caracteres numéricos que responderán á seguinte estrutura:

2 díxitos que identifican a provincia en que está situada a explotación.

3 díxitos que identifican o municipio en que está situada esta explotación.

7 díxitos que identifican individualmente a explotación dentro do municipio.

3. Descrición dos elementos:

Pezas femia.—A peza deberá ser rectangular e estar fabricada en material termoplástico, inviolable, de cabeza cerrada. Non elástico. Permitirá unha máxima rotación e aireación. Será amarela, cor RAL 1016, e estable aos raios ultravioletas. Presentará o escudo constitucional por inxección no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabricación a través dun dataador na matrizaría.




Ilustración -3 Detalle de brinco rectangular - peza femia

Medidas da peza:

Altura desde a base: 40 ± 5 mm.
 Altura desde a base do colo: 25 ± 5 mm.
 Longo: 10 ± 5 mm.
 Espesura: 2 ± 1 mm.

Os diámetros externo e interno da cabeza deberán ser aqueles que se axusten ás medidas anteriormente referenciadas e que aseguren unha correcta fixación do dispositivo sobre o animal.

Pezas macho.—A peza deberá ser rectangular e estar fabricada en material termoplástico. Será amarela, cor RAL 1016, e estable aos raios ultravioletas. Non elástico. Presentará o escudo constitucional por inxección no anverso da peza cunhas dimensións máximas de 7 x 7 mm e indicación da data de fabri-

cación a través dun dataador na matrizaría. A puga finalizará nunha punta cónica do mesmo material que o corpo.




Ilustración -4 Detalle de brinco rectangular - peza macho

Medidas da peza:

Altura desde a base: 40 ± 5 mm.
 Altura desde a base do colo: 25 ± 5 mm.
 Longo: 10 ± 5 mm.
 Espesura: 2 ± 1 mm.
 Altura total desde a base da puga: 25 ± 5 mm.

O largo da puga e da súa punta deberanse axustar ás medidas da cabeza da peza femia, de forma que se asegure a suxeición das pezas macho e femia entre si.

C. Características dos identificadores electrónicos

1. Os identificadores electrónicos deberanse axustar ao cumprimento das normas UNE-ISO 11784, UNE-ISO 11785 e UNE 68402 e as súas posteriores modificacións.

2. A estrutura do código do transpondedor e do código de identificación animal será a prevista no anexo III.

3. Tratarase de transpondedores pasivos, só de lectura, que utilicen a tecnoloxía HDX ou FDX-B.

4. Deberán ser lexibles por medio de equipamentos de lectura, correspondentes á norma UNE-ISO 11785, e aptos para a lectura de transpondedores HDX e FDX-B.

5. A distancia mínima de lectura deberá ser de 20 cm, no caso dos lectores portátiles, e de 50 cm, no caso dos lectores fixos.

6. O bolo ruminal deberá estar formado por un corpo que contén un transpondedor no seu interior. Os elementos antes indicados deberán estar formando un todo. Para efectos de seguridade de lectura e para evitar sinais equivocados, por corpos estraños, no diagnóstico, no retículo non deberá posuír elementos metálicos como lastre.

7. Descrición dos elementos:

Corpo: O corpo deberá estar formado por unha peza cilíndrica ou ovalada de superficie lisa e bordos redondeados fabricado con material de alto peso específico.

O corpo deberá posuír unha cavidade na que poderá ser aloxado o transpondedor. A cavidade que contén o identificador electrónico e o seu orificio de entrada deberán estar selados de forma segura, con material atóxico e resistente a accións dixestivas dos ruminantes, para evitar a posible saída e perda do identificador electrónico do corpo.

O corpo caracterizarase por non conter ningún elemento magnético ou metálico.

Medidas da peza:

Lonxitude: 65-75 mm.

Diámetro: 19-23 mm.

Peso: 68-85 g.

Non obstante, poderanse utilizar todos aqueles deseños certificados en función dos protocolos recoñecidos polo Comité Español de Identificación Electrónica dos Animais, cuxas dimensións e pesos sexan aqueles que aseguren os parámetros mínimos de retención (mínimo 98% ao ano de aplicación), así como as porcentaxes de éxito en lectura dinámica (mínimo: 95%), definidos polo International Commitee for Animal Recording (ICAR).

Transpondedor: Deberá ser de tipo pasivo (sen batería), capaz de ser activado mediante radiofrecuencia e de lerse de forma correcta a través de calquera material non metálico.

Deberá estar en conformidade coas normas UNE-ISO 11784, relativa á estrutura do código de identificación contido na súa memoria, UNE-ISO 11785, relativa á metodoloxía de intercambio de información co lector, así como en conformidade coa norma UNE 68402, relativa aos requisitos do material, e as súas posteriores modificacións.

O identificador electrónico que reciba o usuario final deberá ser de lectura soamente.

O material envolvente do transpondedor deberá ser biocompatible e que asegure a estanquidade do identificador electrónico, de acordo co sinalado na Norma UNE 68402.

D. *Sistema e condicións referidos no punto 4 do artigo 5 para os animais da especie caprina*

No caso de animais da especie caprina en que se constate incapacidade de retención do bolo ruminal, poderase optar como segundo medio de identificación por:

1. Marca auricular coas características da letra A deste anexo.

2. Un identificador inxectable aplicado na cara posterior do metacarpo, encima do espazo interdixital e na dirección vertical descendente ou dirección dorso ventral da extremidade dianteira esquerda, que deberá cumprir as características dos identificadores electrónicos definidas na letra C deste anexo. Neste caso os animais non se poderán destinar ao comercio intracomunitario nin á exportación, nin poderán pasar á cadea alimentaria.

3. Descrición dos elementos: O inxectable estará composto por un transpondedor encapsulado en material biocompatible e que asegure a estanquidade do transpondedor, de acordo co sinalado na Norma UNE 68402.

Deberá ser de tipo pasivo (sen batería), capaz de ser activado mediante radiofrecuencia e de lerse de forma correcta a través de calquera material non metálico.

Deberá estar en conformidade coas normas UNE-ISO 11784, relativa á estrutura do código de identificación contido na súa memoria, UNE-ISO

11785, relativa á metodoloxía de intercambio de información co lector, así como en conformidade coa norma UNE 68402, relativa aos requisitos do material, e as súas posteriores modificacións.

O identificador electrónico que reciba o usuario final deberá ser de lectura soamente.

As dimensións dos inxectables serán como mínimo de 15 mm de lonxitude.

4. O inxectable deberase presentar de forma conxunta cun brinco visual, e serán presentados nun «kit» de identificación.

Neste último caso, o código impreso no brinco será o mesmo que contén o dispositivo electrónico, coa diferenza de que o código de país será «ES» no brinco visual, e «724» no dispositivo electrónico (segundo Norma UNE-EN-ISO 3166).

E. *Características técnicas dos aplicadores semiautomáticos de brincos (tenaces)*

1. Para colocar brincos visuais utilizaranse aplicadores semiautomáticos (tenaces) de metal lixeiro, que facilite o seu uso, con agulla de punta roma incorporada e intercambiable. O fabricante deberá subministrarse con cada aplicador unha agulla de reposto.

2. As tenaces serán preferentemente universais, e poderán servir para utilizar noutras especies animais; será recomendable que as tenaces leven a indicación de fabricante, co obxecto de asegurar a eficacia da relación brinco –tenaces, e optimizar a aplicación dos brincos.

F. *Características técnicas das pistolas dosificadores para a aplicación de bolos ruminais*

As pistolas dosificadores deberán reunir as seguintes características:

Deberán permitir unha correcta suxeición do bolo para a súa aplicación.

Deberán ser fáciles de manexar e fabricados con material resistente para o obxectivo que se persegue.

Deberán posuír un peso non superior aos 450 g.

Deberase minimizar o risco de infrinxir feridas ao animal debido ao deseño do aplicador, e evitar bordos cortantes ou o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de esgazaduras ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.

G. *Características técnicas dos dispositivos para a aplicación de inxectables*

Os dispositivos para a aplicación de inxectables deberán presentar as seguintes características:

Deberán permitir unha correcta suxeición do inxectable para a súa aplicación.

Deberán ser fáciles de manexar e fabricados con material resistente para o obxectivo que se persegue.

Deberase minimizar o risco de infrinxir feridas ao animal debido ao deseño do aplicador, e evitar o uso de materiais que acaben dexenerando en procesos de esgazaduras ou similares, que poidan producir lesións no proceso de aplicación.

O sistema de aplicación debe minimizar o risco de infeccións relacionadas coa aplicación, mediante aseguramento da esterilidade do inxectable ou emprego de desinfectantes.

H. *Características técnicas dos lectores de radiofrecuencia*

Os lectores de radiofrecuencia, en calquera das súas modalidades, deberán cumprir cos requisitos establecidos nas normas UNE-ISO 11785, e UNE 68402 e as súas posteriores modificacións.

Poderanse utilizar lectores dos seguintes tipos:

1. Lectores de radiofrecuencia de man: Lector non integrado en ningunha instalación, que contén en si mesmo todos os elementos necesarios para a súa utilización autónoma, coas características de tamaño e peso adecuadas para permitir o seu transporte e utilización manual.

Deberá mostrar en pantalla o código completo do transpondedor.

É recomendable que conte con conexión con antena accesoria externa e/ou con dispositivo de xestión de información, que funcione con baterías recargables, que o seu peso sexa reducido e que conteña un teclado alfanumérico con posibilidade de introducir e almacenar datos en memoria.

2. Lectores de radiofrecuencia fixos: Lector destinado a ser instalado nunha localización con carácter fixo e inamovible, tal que non se prevé ningún desprazamento dos dispositivos electrónicos nin dos posibles complementos que compoñen o devandito lector.

O fabricante deberá sinalar qué tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.

3. Lectores de radiofrecuencia transportables: Lector destinado a ser instalado como fixo con carácter temporal, que se pode desinstalar e transportar a outro lugar para realizar a súa función como fixo en distintas localizacións.

O fabricante deberá sinalar qué tipos de xestores de datos require ou permite o sistema.

rio nestes momentos proceder a unha modificación parcial do mencionado precepto, ampliando a vacinación obrigatoria a todos os supostos, salvo o das explotacións que, tendo completamente implantado un plan de vixilancia e autocontrol de salmonelose, este demostrase a súa eficacia con análises negativas a «S. enteritidis» e «S. typhimurium» durante, cando menos, seis meses, tanto nos autocontrois do gandeiro como nos controis oficiais. Non obstante, esta excepción non será de aplicación ás explotacións que realicen intercambios intracomunitarios, en que a vacinación será sempre obrigatoria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores implicados, e emitiu informe a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase ao amparo da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar as disposicións necesarias para o cumprimento do disposto no dito real decreto, e de acordo coa competencia do Ministerio de Sanidade e Consumo en casos de zoonoses transmitidas por alimentos.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para efectos do establecemento dun programa nacional.*

O artigo 8. 1 da Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para efectos do establecemento dun programa nacional, substitúese polo seguinte:

«1. Será obrigatoria a vacinación preventiva das futuras poñedoras fronte ás salmoneloses de importancia para a saúde pública, salvo naquelas explotacións de aves poñedoras que teñan completamente implantado un plan de vixilancia e autocontrol de salmoneloses que demostrase a súa eficacia con análises negativas, nos autocontrois do gandeiro, a «S. enteritidis» e «S. typhimurium» durante, cando menos, seis meses, e sempre que se levasen a cabo, así mesmo, análises oficiais con resultados negativos a «S. enteritidis» e «S. typhimurium» nos ditos seis meses e coa mesma periodicidade que os dos autocontrois do gandeiro. Non obstante, a dita vacinación será obrigatoria, en todo caso, nas explotacións de aves poñedoras que realicen intercambios intracomunitarios de aves vivas ou de ovos destinados a consumo humano.

A vacinación correrá por conta do titular da explotación.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de febreiro de 2006.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2972 *ORDE PRE/407/2006, do 14 de febreiro, pola que se modifica a Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para efectos do establecemento dun programa nacional, no relativo á vacinación. («BOE» 44, do 21-2-2006.)*

No artigo 8. 1 da Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para efectos do establecemento dun programa nacional, dispónse que será obrigatoria a vacinación preventiva das futuras poñedoras fronte ás salmoneloses de importancia para a saúde pública, de todas aquelas explotacións de aves poñedoras que non teñan completamente implantado un plan de vixilancia e autocontrol de salmonelose, ou que téndoo completamente implantado, este non demostrase a súa eficacia con análises negativas a «S. enteritidis» e «S. typhimurium» durante, cando menos, seis meses.

Á vista da experiencia na aplicación da dita norma, en función das actuacións que se están seguindo a nivel comunitario, e para unha mellor garantía do adecuado estado sanitario dos animais e produtos, resulta necesaria